Pero Gomes Barroso

Rubrica
Do que sabia nulha rem nom sei,
polo mundo, que vej'assi andar;
e quand'i cuido, hei log'a cuidar,
per boa fé, o que nunca cuidei:
ca vej'agora o que nunca vi
e ouço cousas que nunca oí.

Aquesto mundo, par Deus, nom é tal
qual eu vi outro, nom há gram sazom;
e por aquesto, no meu coraçom,
aquel desej'e este quero mal:
ca vej'agora o que nunca vi
e ouço cousas que nunca oí.

E nom receo mia morte por en
e, Deus lo sabe, queria morrer;
ca nom vejo de que haja prazer
nem sei amigo de que diga bem:
ca vej'agora o que nunca vi
e ouço cousas que nunca oí.

E se me a mim Deus quisess'atender,
per boa fé, ũa pouca razom,
eu post'havia no meu coraçom
de nunca jamais nẽum bem fazer:
ca vej'agora o que nunca vi
e ouço cousas que nunca oí.

E nom daria rem por viver i
en'este mundo mais do que vivi.

© 16/11/2026